

LITERATURA GALEGA ATA O SÉCULO XX

IDADE MEDIA

1. Lírica medieval

1.1. Definición

Entendemos por lírica medieval un conxunto de composicións poéticas que comprende arredor de 1.680 textos profanos e 420 relixiosos. Estas composicións (cantigas) foron escritas en galego-portugués, nun período que abrangue dende fins do século XII ata mediados do século XIV. Chegaron ata nós recollidas en enormes manuscritos que coñecemos co nome de cancioneiros.

1.2. Artistas medievais

- Trobadores: compositores das cantigas, pertencían á nobreza e ao clero.
- Xograres: en principio, eran única e exclusivamente os intérpretes das cantigas dos trobadores, mais nas cortes hispanas sabemos de xograres que compoñían as súas propias composicións.
- Segreis: compoñían e interpretaban as súas cantigas a cambio dun beneficio económico.
- Menestreis: músicos profesionais que interpretaban a música das cantigas.
- Soldadeiras: mulleres que danzaban durante a interpretación das cantigas.

1.3. Manuscritos medievais

A lírica profana chegou ata nós a través dos seguintes manuscritos:

- Cancioneiro da Ajuda.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional.
- Cancioneiro da Vaticana.
- Pergamiño Vindel: contén as sete cantigas de amigo de Martín Codax.
- Pergamiño Sharrer: contén as sete cantigas de amor do rei Don Dinís.
- Cancioneiro de Berkeley: é unha especie de "dobre" do Cancioneiro da Vaticana.

1.4. Cantigas

1.4.1. Cantigas de amor

- Orixe: é o xénero máis vinculado á lírica provenzal (procedente do sur de Francia).

- Trazos xerais:

- Temática amorosa: a voz poética (namorado) diríxese a unha muller, denominada *senhor*. A relación que existe entre eles cumpre os requisitos do denominado amor cortés, é dicir, entre o namorado e a *senhor* existe unha relación de vasalaxe feudal, o home convértese no servidor da amada.
- O segredo amoroso é importante, o nome da amada non se coñece, pois acostuma ser unha muller casada e pertencente á nobreza.
- Existe un eloxio dos trazos físicos da *senhor*.

- Temática:

- Gabanza da dama: o namorado eloxia a figura da amada empregando para isto abundantes hipérboles. El considéraa perfecta desde o punto de vista físico e moral.
- Amor do poeta: o home confésalle o seu amor á dama.
- Reserva da dama: a *senhor* mostra unha actitude esquiva e / ou despreciativa cara ao namorado.
- Coita de amor: o namorado sofre polo rexeitamento da amada e expresa as súas consecuencias, estas poden ir desde o pranto ata loucura ou a morte por amor.

1.4.2. Cantigas de amigo

- Orixe: son autóctonas, xorden dunha poesía popular de carácter feminino, que estivo en auge en Europa durante a Idade Media. Desá tradición proveñen tamén as kharxas mozárabes, escritas nos séculos X e XI e con características comúns coas cantigas.

- Trazos xerais:

- Temática amorosa: a voz poética (namorada) lamentase pola ausencia do amigo (namorado).
- Ás veces, a moza diríxese a unha confidente que pode ser a súa nai, irmá, amigas ou elementos da natureza que aparecen personificados.
- Recoñécense facilmente pola aparición da palabra *amigo* e pola presenza do refrán (repetición literal de un ou máis versos ao final de cada estrofa).
- Distínguense varios subxéneros: mariñas, bailadas, de romaría e albas.

1.4.3. Cantigas de escarnio e maldicir

- Orixe: baséanse no sirventés provenzal, nesta composición satirizábanse aspectos políticos, morais e persoais da sociedade do momento.

- Clasificación:

- Formalmente:
 - Cantigas de escarnio: aquelas que utilizan o equívoco, as metáforas e o dobre sentido.
 - Cantigas de maldicir: aquelas nas que non hai dobre sentido.
- Tematicamente:
 - Sátira política e militar: trátanse acontecementos daquel tempo.
 - Sátira social: ridiculízanse diferentes clases sociais.
 - Sátira de costumes: faise burla da crenza en agoiros, por exemplo.
 - Sátira sexual: critícanse soldadeiras, cregos, monxas e homosexuais.
 - Sátira literaria: faise burla dos tópicos tratados na cantiga de amor e da falta de habilidade de certos trovadores e xograres.
 - Sátira moral e relixiosa: reflexiónase sobre os vicios máis estendidos da época.

1.4.4. Cantigas de Santa María

O cancionero relixioso galego-portugués está constituído polas 427 composicións dedicadas á Virxe María.

As *Cantigas de Santa María* son un labor de equipo, o froito dun traballo colectivo coordinado e dirixido por Afonso X.

Estas cantigas clasifícanse en dous grupos:

- Cantigas líricas: parte delas foron compostas para seren cantados na igrexa, durante a liturxia.
- Cantigas narrativas ou milagres: relatan un milagre da Virxe con clara intención didáctica.

2. Prosa medieval

As obras en prosa deste tempo son, principalmente traducións de obras escritas en francés ou castelán.

Clasifícase nos seguintes grupos:

- Ciclo artúrico ou bretón:

A difusión dos relatos cabaleirescos do ciclo artúrico na Idade Media foi enorme en toda Europa. Compoñen o ciclo as seguintes obras:

- *Libro de José de Arimatea.*
- *Libro de Merlín.*
- *A demanda do Santo Graal.*
- Ciclo troiano:
 - *Crónica Troiana.*
 - *Historia Troiana.*
- Textos historiográficos:
 - *Crónica Geral Galega* (tradución galega da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla*).
 - *General Estoria.*
 - Textos propiamente galegos: *Crónica Galega* (1404) e *Crónica de Santa María de Iria.*
- Textos haxiográficos:
 - *Miragres de Santiago.*
- Textos didácticos:
 - *Tratado de albeitaria.*

SÉCULOS ESCUROS

O século XV supón o inicio dun longo período de silenciamento literario na nosa lingua, reducida apenas ao ámbito familiar e coloquial.

As mostras literarias en galego neste tempo (séculos XVI, XVII e XVIII) céntranse en aspectos folclóricos e festivos, o que proporcionou unha rica literatura oral.

1. Lírica

- Do século XVI e principios do XVII consérvanse tres sonetos de estilo renacentista:

- “Soneto de Monterrei”.
- “Soneto con falda”, de Gómez Tonel.
- “Réspice finem”, de Vázquez Neira.

- Do século XVII consérvanse:

- Décimas ao Apóstolo Santiago, de Martín Torrado.
- **Nove** romances de estilo barroco.

- Do século XVIII consérvase:

- *Coloquio de 24 galegos rústicos*, de Martín Sarmiento.

2. Teatro

Consérvase o *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño*, de Gabriel Feijoo de Araújo, pequena peza teatral escrita en galego e portugués sobre os problemas fronteirizos derivados das artes de pesca practicadas polos habitantes dun e doutro lado do Miño.

PRECURSORES

Denomínanse precursores do Rexurdimento aqueles autores que publicaron en galego antes do 1863. A poesía era o único xénero cultivado e entre estes poetas destacaron:

- Nicomedes Pastor Díaz: *Alborada e Égloga de Belmiro e Benigno*.
- Xoán Manuel Pintos: *A gaita gallega*.
- Francisco Añón: publicou poemas de contido costumista e patriótico.
- Antonio Benito Fandiño: compuxo *A casamenteira*, que pasará a formar parte da historia da nosa literatura por ser a primeira peza dramática que conservamos do século XIX.

REXURDIMENTO

No ano 1863 aparece o libro de Rosalía de Castro *Cantares gallegos* e esta data considérase o inicio do Rexurdimento pleno, caracterizado por:

- Reivindicación do carácter diferenciado de Galicia.
- Predominio do xénero lírico.

Os tres grandes poetas da época son: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

1. Rosalía de Castro

Os seus versos convertérona nunha escritora universal, que transcende o seu tempo e o seu país. As súas obras cruciais na nosa lingua son as seguintes:

1.1. *Cantares gallegos*

É considerado o primeiro libro escrito integramente en galego. Publicouse o día 17 de maio de 1863, data considerada como a consagración do galego como lingua literaria. Cén anos despois, o 17 de maio foi instituído como data anual para a celebración do Día das Letras Galegas.

Consta de trinta e cinco poemas, cun prólogo e un epílogo que lle prestan carácter unitario e circular. Nos poemas vanse alternando as voces, aparecendo sucesivos personaxes que conforman un abano da sociedade galega da época. Estes poemas teñen a súa inspiración nas formas da literatura popular tradicional e neles predominan os versos de arte menor (oito sílabas ou menos) e a rima

asonante (repetición dos sons vocálicos).

En canto á temática, os poemas pódense agrupar nos seguintes apartados:

- Poemas costumistas: faise unha descrición dos costumes, das crenzas, das romarías, etc. Fai unha defensa da cultura popular galega.
- Poemas amorosos: preséntanse como diálogos ou monólogos de namorados.
- Poemas intimistas: a escritora amósase máis intimamente a través das súas lembranzas persoais e das súas vivencias.
- Poemas político-sociais: aparece o drama da emigración, a miseria dos campesiños, a soidade da muller e a marxinación na que vive Galicia.

1.2. *Follas novas*

Foi publicado no ano 1880, pero a maioría dos poemas que nel aparecen foron compostos entre os anos 1868 e 1869, durante a estadía da escritora en Castela.

As composicións deste libro supoñen unha reflexión pesimista e angustiada sobre a existencia, e neles a autora esfórzase por poñer en relación os aspectos persoais cos sociais.

Aparecen símbolos como a “negra sombra” (dor de vivir), o “cravo” (dor concreta, case sempre de natureza amorosa), as “sombras” (persoas queridas por Rosalía que están mortas, pero das que ela sente moitas veces a súa presenza, por exemplo a súa nai ou os seus fillos mortos).

A versificación é máis complexa e innovadora.

2. Manuel Curros Enríquez

É un poeta civil que se manifestou sempre a favor da liberdade e do progreso.

Para Curros, o poeta é conciencia e guía da sociedade. A súa obra máis importante foi:

Aires da miña terra (1880): libro galego máis lido do seu tempo. Obra aliada coa causa dos oprimidos desde unha posición galeguista, progresista e republicana. Nela pódense atopar tres liñas:

- Social: poemas nos que denuncia a miseria e a marxinación do pobo galego e

manifesta o seu posicionamento na loita contra a inxustiza. Ton anticlerical.

- Intimista: poemas nos que cultiva un lirismo subxectivo.
- Costumista: temática á que corresponden os tres poemas premiados no certame de Ourense de 1877: “Unha boda en Einibó”, “A Virxe de Cristal” e “O gueiteiro”.

3. Eduardo Pondal

No ano 1877 publica *Rumores de los pinos*, poemario bilingüe que vai ser reelaborado e mellorado polo autor no posterior *Queixumes dos pinos* (1886). Ademais destes libros, pasou toda a súa vida traballando na composición dun longo poema épico titulado *Os Eoas*, que non chegou a rematar.

Na obra poética de Eduardo Pondal distinguimos dous grupos temáticos:

- Poesía cívica: procura a creación dunha mitoloxía que lle devolva ao pobo galego a conciencia da súa identidade como nación. Os elementos básicos desta poesía patriótica de Pondal son:
 - O celtismo: influído por historiadores como Manuel Murguía, que buscan as orixes da nación galega no seu pasado celta.
 - O helenismo: os heroes pondalianos amosan unha virilidade e uns valores éticos propios dos heroes da Grecia clásica.
 - O bardismo: o poeta ten que converterse en guía do pobo escravizado; o poeta é o bardo que conducirá o pobo.
- Poesía lírica: ten como obxectos poéticos a natureza e a muller.
 - A natureza: preséntase unha paisaxe áspera, representada polos toxos, os piñeiros, as forzas da natureza, os animais salvaxes...
 - A muller: unhas veces preséntaa idealizada e como un obxecto de culto, é a heroína guerreira, a fada, a serea...; outras, a muller é considerada como a presa do home (un obxecto sexual) e retrátase unha virilidade primitiva e machista.